



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL

A Escola de Música pretende a acollida e ocupación de nenos e nenas, mozos e adultos, fomentando o estudo da Música e dos instrumentos musicais, facilitando de modo especial á xuventude toda clase de medios que poidan axudar a aumentar a formación humana e o seu desenvolvemento cultural.

OBXECTIVOS

Os principais obxectivos da Escola de Música son os seguintes:

- a) Ofrecer unha oferta ampla da educación musical sen límite de idade
- b) Orientar ao alumno cara un ensino profesional cando a vocación e as aptitudes así o aconsellen
- c) Ofrecer un ensino instrumental tanto individual como de conxunto de grao elemental e medio
- d) Proporcionar coñecementos musicais complementarios ás prácticas instrumentais
- e) Fomentar nos alumnos o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais
- f) Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais
- g) Favorecer a educación musical creativa, traballando todos os campos: rítmico, vocálico, sonoro,...

CONTIDOS

Para conseguir todos os obxectivos numerados, impartiranse as seguintes ensinanzas:

- a) Audición musical
- b) Solfexo
- c) Aprendizaxe dos seguintes instrumentos: frauta, guitarra, clarinete, trombón, baixo, saxofón, trompeta e percusión, máis outros que se poidan engadir segundo ás necesidades que xurdan

METODOLOXÍA

- a) O ensino destas materias realizarase en grupo, e individualmente por niveis
- b) Traballarase a voz como instrumento
- c) Realizaranse audicións musicais de todos os estilos: pop, rock, jazz, música popular e culta
- d) Adaptaranse os obxectivos ás características individuais dos alumnos e aos seus intereses



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

FUNCIONAMENTO E FINANCIACIÓN

- a) As clases desenvolveranse en horario acordado entre alumno e profesor, preferentemente en horario de tarde para que sexa compatible co horario escolar de alumnos e alumnas
- b) Os lugares onde se impartirán as clases serán no actual local provisional da Escola de Música (Colexio N°1) e máis nos Colexios de ensino deste Concello, sempre e cando haxa un número mínimo de 10 alumnos. Os Colexios onde se impartan as clases serán os encargados da dispoñibilidade do local, así como do seu mantemento, limpeza e gastos derivados que se poidan ocasionar
- c) Admitiranse matrículas de alumnos de fóra do Concello sempre e cando as dispoñibilidades de espazo e profesorado o permitan
- d) O prezo da matrícula será de 5000pts. anuais por clases de solfexo e 6000pts. anuais por instrumento que aboarán preferentemente á hora da matrícula. Serán susceptibles de fraccionamento de pago se as necesidades económicas da familia así o demanden, así mesmo poderían estar exentos de pago de matrícula os/as alumnos/as que xustifiquen falta de recursos económicos. Estes prezos poderán ser revisados cando o Concello en Pleno o estime conveniente
- e) As cantidades ingresadas por concepto de matrícula serán utilizadas para sufragar gastos e compra de material da Escola. Os gastos deberán ser consignados no orzamento
- f) A Escola de Música está obrigada no mes de outubro a presentar un orzamento de ingresos e gastos así como un inventario de material
- g) O Director da Escola integrarase dentro do equipo de persoal do Concello, e o seu salario será abonado a cargo do orzamento municipal
- h) O resto do profesorado necesario aboarásele o seu salario dos ingresos da Escola, integrándose dentro dun equipo independente
- i) O Concelleiro de Cultura será o encargado da supervisión e control do funcionamento da Escola de Música
- j) As clases se desenvolverán preferentemente desde o 1 de outubro ao 30 de xuño
- k) Os prazos de matrícula serán expostos publicamente polo Concello, con 15 días de antelación, preferentemente do 10 ao 20 de setembro
- l) Todo alumno/a que acuda á Escola de Música, debe respectar a orde imposta polo profesor, así como material, de non ser así aplicarase o establecido no Real Decreto 732/1995 de 5 de maio
- m) As clases impartiranse preferentemente en galego
- n) O control e fiscalización da Escola de Música será a través da Comisión de Goberno

Foz, a 5 de marzo de 1.996

O Alcalde
José María García Rivera